

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Ampliación dos horarios de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización das actividades recreativas durante os meses do verán

ANTECEDENTES

Os días do 13 ao 20 de setembro de 2024 vanse a celebrar as Festas da Guadalupe en Rianxo.

Estas celebracións populares contan cun grande arraigo, máis de 150 anos de historia, e son unhas das máis populares e recoñecidas da comarca, declaradas de interese turístico galego, e atraen a unha gran cantidade de persoas.

Asemade, do 12 ao 16 de xullo celebráranse as Festas do Carme, festividades cun grande arraigo e significación popular en toda a xeografía galega.

En aplicación do disposto no artigo 17 da Lei 10/2007 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en relación coa Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, que establece que corresponderá aos concellos a ampliación e a redución dos horarios xerais segundo o disposto no artigo 9, ao abeiro do artigo 5.f) da Lei 10/2017.

O citado artigo 9 contempla a ampliación dos horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas durante a celebración das festas e verbenas populares, en ata 2 horas.

Asemade, os concellos tamén teñen competencias para ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

FUNDAMENTACIÓN

- Ley 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 5.f) da Lei 10/2017 do 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, RESOLVO:

PRIMEIRO

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 645.803 exp. 2024/G003/000635

Ampliar en dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos do termo municipal do Concello de Rianxo abertos ao público, así como a finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas durante a celebración das Festas da Guadalupe, do 13 ao 20 de setembro de 2024, e das festas do Carme, do 12 ao 16 de xullo.

SEGUNDO

Establecer a hora de remate da verbena do venres 20 de setembro, último día das Festas da Guadalupe, debido ao seu carácter excepcional, ás 8.00 h do sábado 21 de setembro.

TERCEIRO

Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web deste Concello

CUARTO

Dar conta desta Resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).